

NOVAS RECOMENDACIÓNS PARA REALIZAR ACTIVIDADES

Bos días a todos/as!

Espero que vos atopedes ben e esteades levando esta situación da mellor forma posible.

Debido a que estes días temos que permanecer na casa, supoño que a maioría xa estaredes traballando cos documentos subidos a semana pasada á páxina web do colexio.

Nesta segunda semana imos engadir unha nova forma de traballo. Creei un **FORO** en E-Dixgal, máis concretamente na **MATERIA DE LINGUA GALEGA**, antes do primeiro tema, que se chama **#QuedaNaCasa**. A partir de agora irei subindo aí diferentes materiais e tarefas para que continuedes co voso proceso formativo na casa. Ademais, nel poderedes comunicarvos comigo, e tamén entre vós, e o utilizaremos para preguntar diferentes cuestións e resolver calquera dúbida.

Xa hai un tema creado no foro que podemos utilizar para familiarizarnos con esta ferramenta, polo que aconsello que entredes e comentedes neste para que eu poda ver que entendichedes a nova forma de acceder ós materiais.

Aproveito para recordar que as actividades poderedes realizalas nas libretas ou en folios, e lembraros a importancia de dedicar un ratiño cada día á lectura.

Quedo a disposición de todos/as a través do meu correo electrónico (laura.costas@edu.xunta.es) e do novo foro.

Un saúdo.

Laura Costas, titora de 6ºB.